

A ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

- Antecedentes da organización territorial: As bases da actual organización do estado son profundas e complexas. Algunhas parten da Idade Media, outras da Idade Moderna e outras do actual sistema constitucional. Momentos claves da organización territorial serán:
 - Idade Media: consolidación dos municipios, concejos ou as bailías e a creación dunha entidade territorial “unitaria”.
 - Idade Moderna: coa chegada da Dinastía Borbónica procúrase un modelo centralista e uniformador. A administración castelá será aplicada agora a todo o reino.
 - Idade Contemporánea: a Constitución de Cádiz consolidou aos municipios. En 1833 Francisco Javier de Burgos fai unha nova división provincial (practicamente igual á vixente). A fins do XIX: aparece a cuestión rexional, a reclamación dun Estado descentralizado inflúe notablemente na redacción da Constitución da II República (1931) que xa recolle o Estado autonómico. Co franquismo ponse fin ás autonomías e impón un estado fortemente centralista.
- A actual organización do Estado: O Estado español é descentralizado organizado en:
 - Municipios.
 - Provincias
 - Comunidades Autónomas:
 - Reguladas por un Estatuto
 - Con institucións propias: Parlamento, Presidente e Consello de goberno.
 - Financiadas mediante un réxime de cupo ou común.
 - Baseadas na igualdade territorial e a solidariedade.
- Outras realidades locais: comarcas e parroquias en Galicia. En España, ademais de municipios, provincias e CC.AA. existen outras entidades locais tanto de carácter submunicipal como de carácter supramunicipal. Entre as primeiras están as parroquias e entre as segundas as comarcas.
- Os desequilibrios territoriais
 - Antecedentes históricos:
 - Orixínanse a mediados do século XIX debido á desigual industrialización das rexións.
 - Cambian debido a crise de 1975, que tivo grande incidencia nas rexións industriais, aínda que lles afectou a todas.
 - Na actualidade baséanse nas diferenzas en servizos avanzados, I+D e alta tecnoloxía, entre outras.
 - Os desequilibrios territoriais na actualidade: Os indicadores dos desequilibrios son numerosos:
 - Os desequilibrios demográficos. Maniféstanse na distribución da poboación, medida pola súa densidade.
 - Os desequilibrios sociais, que se reflicten na renda dispoñible dos fogares e no nivel de benestar, medido pola dotación de infraestruturas; a existencia de servizos sanitarios, educativos,

culturais, asistenciais e de ocio, así como a calidade medioambiental.

■ Os desequilibrios tecnolóxicos. A difusión das TIC tamén están a ofrecer fortes contrastes interrexionais que provocarán, a súa vez, novos desequilibrios vinculados á sociedade do coñecemento. Desequilibrios económicos. Obsérvanse na capacidade produtiva e médese polo PIB e polo PIB per cápita.

- A política rexional española

- Os seus obxectivos son: lograr o desenvolvemento de todas as rexións; paliar os desequilibrios territoriais; e fomentar o potencial endógeno.

- Os instrumentos son:

- Incentivos rexionais

- Fondos de Compensación Interterritorial e Fondos de Convergencia Autonómicos.

- A política rexional europea

- Os obxectivos da política rexional europea son: investir no crecemento e o emprego de todas as rexións e fomentar a cooperación territorial.

- Os instrumentos son:

- Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

- Fondo Social Europeo (FSE).

- Fondo de Cohesión.

- A ordenación do territorio

- Os obxectivos. O primeiro é chegar a conseguir un desenvolvemento equilibrado das rexións e o segundo coordinar o espazo na súa integridade, para mellorar o benestar social, a calidade de vida e ao mesmo tempo se coide o medio ambiente e os recursos. O espazo básico da planificación é a rexión, pero iso non quita para que haxa uns plans que afectan a territorios máis pequenos e outros que se pensan a escala nacional ou incluso a escala da UE.

O instrumento básico é o Plan de Ordenación do Territorio.